

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

O/a proxenitor/a ou representante do alumnado deberá achegar coa solicitude de admisión a seguinte documentación:

1. Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a. (COPIA DO LIBRO DE FAMILIA ONDE ESTEA O NENO/A, DEBE ACOMPAÑARSE CO ORIXINAL).
2. Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.

CONSULTA AUTOMÁTICA DE DATOS

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.

b) Domicilio fiscal.

c) Renda anual per cápita da unidade familiar (casiñas 435 e 460 sumadas da renda de 2019, divididas entre os membros da unidade familiar a data de 28/02/21). **ESTE DATO DEBERÁ CUBRIRSE NA SOLICITUDE SE SE QUERE QUE SEXA TIDO EN CONTA.**

d) Condición de familia numerosa.

e) Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

NO CASO DE QUE AS PERSOAS INTERESADAS SE OPOÑAN A ESTA CONSULTA, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos que acrediten calquera destas circunstancias.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos pola Administración ou polo centro docente, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.